



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Manual de benvida
para o persoal de administración e servizos

ÍNDICE

1. Benvida	2
2. A Institución	
2.1 Sobre a Universidade da Coruña.....	3
2.2 Valores.....	3
2.3 Estrutura.....	4
2.4 Organización	7
2.5 HR Excellence in Research	8
3. Incorporación á UDC	
3.1 Información e obrigas	9
3.2 Idioma	10
3.3 Pertenza e participación nos órganos de representación.....	10
4. Procedementos	
4.1 Comunicación e actuación.....	11
4.2 Alta como usuario	11
4.3 Contratación con provedores.....	11
4.4 Horario, Calendario laboral, Rexistro horario e teletraballo.....	12
4.5 Permisos, vacacións e desprazamentos.....	12
5. Servizos da UDC	
5.1 Información xeral.....	13
5.2 Principais servizos a disposición do persoal da UDC	13
5.3 Servizos específicos de interese para o PAS	18
5.4 Outra información de interese	20
6. O contorno	
6.1 A Coruña	21
6.2 Ferrol.....	22
6.3 Información turística, lecer e cultura	22
6.4 Principais teléfonos de interese	23



1. BENVIDA

Estimado/a membro do persoal de administración e servizos,

No nome da Universidade da Coruña (UDC) dámosche a benvida e os máis sinceros parabéns pola túa incorporación ao cadro de persoal da universidade. Así mesmo, agradecemos que pensases na nosa institución como destino para o desenvolvemento da túa actividade profesional.

O obxectivo principal deste manual é facilitar a túa rápida integración e mostrar os valores que nos avalan como institución, a súa estrutura, os servizos de apoio que ofrecemos e aqueles procedementos máis habituais de funcionamento interno.

Esperamos que teñas unha grata experiencia e unha pronta adaptación á nosa universidade, que dende agora é tamén a túa

Julio E. Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña

Ramón del Valle López
Xerente Universidade da Coruña



2. A INSTITUCIÓN

2.1 Sobre a Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña (UDC) é unha institución pública, creada en 1989, que ten como finalidade esencial a xeración, a xestión e a difusión de cultura e de coñecementos científico, tecnolóxico e profesional a través da docencia e do desenvolvemento da investigación básica e aplicada que contribúan ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social. É unha institución nova, moderna, innovadora e dinámica que está fortemente comprometida coa educación integral dos seus estudantes e co fomento da investigación e transferencia do coñecemento á sociedade nun ambiente idóneo para todo o persoal que integra a institución.




2.2 Valores

A UDC, no cumprimento das súas finalidades propias, e como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexerase polos seguintes valores e principios:

- A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade.
- O esforzo das persoas como aspecto chave do progreso e do desenvolvemento individual.
- A participación, ao fomentar as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade universitaria no proceso de toma de decisións.
- O compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente a mellorar o sistema socioeconómico do noso contorno.
- O compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega.
- O respecto ao medio ambiente como universidade socialmente responsable.
- A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz.
- A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na transferencia, na xestión e nos servizos, co fin de alcanzar maiores cotas de benestar social.
- A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.

2.3 Estrutura

A UDC conta con dous campus: o da Coruña e o de Ferrol, situados en dúas estupendas cidades ao lado do mar.



A UDC ten como un dos seus principais obxectivos consolidar polos de excelencia no ámbito rexional, nacional e internacional en diferentes áreas de coñecemento que fortalezan a educación e a excelencia investigadora e transferencia de coñecemento. É por iso que a Universidade conta con tres campus de especialización: Campus Industrial, Campus da Sustentabilidade e Campus Innova.



O **Campus Industrial** de Ferrol conta con seis centros en que se imparten once graos, sete másteres e seis programas de doutoramento enmarcados nas dúas áreas de especialización que fan de Ferrol un campus singular: a naval e oceánica e a industrial.
<https://campusindustrial.udc.es/>



O **Campus da Sustentabilidade** impulsa a excelencia no coñecemento para a transición a estilos de vida sustentables, que protexan os nosos recursos naturais, freeen o cambio climático e promovan o benestar. A UDC responde así con responsabilidade e determinación aos desafíos actuais da nosa sociedade e

comprométese desde os ámbitos da docencia, da investigación e da transferencia de resultados, co impulso da sustentabilidade.

https://www.udc.gal/gl/campus_sustentabilidade/



O **Campus Innova** pretende potenciar as fortalezas e os aspectos singulares que a Universidade posúe ao redor das TIC, da súa hibridación con outras áreas de coñecemento, como son as humanidades ou as ciencias da vida e do desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras en diferentes ámbitos, como a enxeñaría civil, a edificación, a aeronáutica ou a bioloxía avanzada.

https://www.udc.gal/gl/campus_innova/

A UDC contribúe ao progreso e á innovación coa posta en marcha de diversos centros tecnolóxicos que se converterán nos departamentos da I+D+i das empresas. Os centros tecnolóxicos están repartidos entre os campus da Coruña (Elviña) e de Ferrol. Este proxecto, que xa é unha realidade, posibilitará o contacto directo entre a universidade e a empresa.



CITEEC

Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil

<https://www.udc.es/citeec>



CITIC

Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e a Comunicación

<https://citic.udc.es/presentacion/>



CICA

Centro de Investigacións Científicas Avanzadas

<https://cica.udc.es>



CITENI

Centro de investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais

<https://citeni.udc.es/>



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Dispón tamén de seis institutos especializados en diferentes ramas de coñecemento e que poñen en valor as súas potencialidades e progresos:

- Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC)
- Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga
- Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin
- Instituto Universitario de Estudos Marítimos
- Instituto Universitario de Medio Ambiente
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal

A UDC participa nos seguintes Centros de Investigación Interuniversitarios:

- Economics and Business Administration for Society (ECOBAS)
- Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)
- Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

Ademais, a UDC conta cunha institución de carácter benéfico-docente, a Fundación Universidade da Coruña (FUAC), constituída como organización non lucrativa para promover, desenvolver e apoiar o financiamento de iniciativas e actividades propias da UDC e as súas relacións coa sociedade.



A misión da FUAC é promover a investigación, a formación, o emprego e a transferencia de coñecemento en colaboración coa Universidade e impulsar a participación de entidades públicas e privadas no desenvolvemento social e económico da sociedade.



2.4 Organización

A UDC está gobernada por un equipo reitoral liderado polo reitor, cuxa estrutura está organizada no día de hoxe en nove vicerreitorías, unha secretaría xeral e unha xerencia, dividida á súa vez en catro vicexerencias.

Podes consultar a estrutura da UDC e o contacto dos diferentes órganos de goberno nas seguintes ligazóns:

https://www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/

- Reitor
- Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica
- Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade
- Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte
- Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade
- Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación
- Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente
- Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia
- Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente
- Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- Secretaría Xeral
- Xerencia

Así mesmo, a UDC conta cunha serie de órganos colexiados e estatutarios:

- Consello Social
- Claustro Universitario
- Consello de Goberno
- Valedor/a universitario/a
- Comisións
- Órganos colexiados dos centros
- Órganos colexiados dos departamentos
- Consello de institutos
- Escola Internacional de Doutoramento

O persoal da UDC ten unha serie de órganos de representación segundo o colectivo a que pertenza, a que se poderá dirixir en caso de dúbida sobre os seus dereitos e obrigas como persoal da universidade:

- Xunta de Persoal de Administración e Servizos
- Comité de Empresa do Persoal de Administración e Servizos
- Xunta de Persoal Docente e Investigador
- Comité de Empresa do Persoal Docente e Investigador
- Comité de Persoal contratado con Cargo a Proxectos

2.5 HR Excellence in Research



Recentemente, a UDC obtivo o selo «Excelencia en Investigación de Recursos Humanos» (*HR Excellence in Research*), concedido pola Comisión Europea, que identifica as universidades e institucións que xeran e apoian a existencia dun contorno estimulante e favorable ao traballo de investigación.

Toda a información relativa ao Selo HR está dispoñible na seguinte ligazón:

<https://www.udc.gal/investigacion/hrs4r>

Código ético da investigación:

<https://www.udc.gal/investigacion/hrs4r/codigo-etico>

Manual de boas prácticas de investigación:

<https://www.udc.gal/investigacion/hrs4r/boas-practicas-investigacion>



3. INCORPORACIÓN Á UDC

A UDC está comprometida coa adaptación do novo persoal á institución e ofrécelles soporte aos seus empregados máis aló dos primeiros días como forma de optimizar a súa capacidade e a súa carreira profesional. Nos seguintes apartados menciónanse os servizos de apoio aos cales poder acudir, non sen antes informalos, dentro da flexibilidade que a universidade proporciona, dunha serie de normas e bos hábitos para unha correcta convivencia.

3.1 Información e obrigas

Pódense consultar as principais normas que rexen a universidade na seguinte ligazón:

<https://www.udc.gal/gl/normativa>

O PAS deberase comprometer a cumprir a normativa vixente na UDC, así como a seguir as indicacións dos seus responsables en relación co desenvolvemento da súa actividade na universidade.

O PAS da UDC está formado por persoal funcionario das escalas das propias universidades e persoal laboral contratado pola propia universidade, así como por persoal funcionario pertencente aos corpos e escalas das outras administracións públicas que presten servizo na UDC.

Correspóndenlle ao PAS as funcións de xestión, apoio, asistencia e asesoramento para a prestación dos servizos universitarios que contribúen á consecución dos fins propios da UDC.

O PAS rexerase polo previsto na Lei orgánica do sistema universitario e as súas disposicións de desenvolvemento, pola lexislación autonómica ou estatal correspondente ao persoal funcionario ou laboral, polos convenios colectivos aplicables e polos Estatutos da UDC.

Así mesmo, o persoal deberá cumprir en todo momento co seguinte:

- As obrigas e normas establecidas con carácter xeral pola UDC para o seu persoal.
- A normativa vixente en materia de protección de datos, seguridade da información, protección intelectual e industrial e de prevención de riscos laborais.

Co obxectivo de cumprir cos valores que defende a UDC, esta institución recomenda para todo o seu persoal:

- Manter unha actitude proactiva cara aos obxectivos da UDC, participar e dinamizar as accións que promova a institución.
- Colaborar e participar nas actividades formativas e divulgativas de interese para a UDC.
- Participar en foros e comités para a mellora e avaliación de proxectos, programas, convocatorias.
- Fomentar un bo ambiente de traballo.

Código de conduta e principios éticos do persoal da UDC

O código de conduta e os principios éticos que deben inspirar a actuación dos/as empregados/as públicos/as defínense nos artigos 73 e 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Podes consultalos na seguinte ligazón:

<https://www.udc.es/gl/transparencia/next-generation/plan-de-medidas-antifraude/>

3.2 Idioma

Na Universidade da Coruña son linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas. A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades.

O inglés é o idioma cooficial en certos títulos de grao e posgrao da universidade, ademais de ser lingua vehicular para a súa actividade investigadora.

O Centro de Linguas da UDC ofrece diferentes cursos de castelán para estranxeiros, así como outras linguas que poidan ser de interese para todo o persoal da UDC. A oferta de cursos está dispoñible na seguinte ligazón:

<http://www.centrodelinguas.gal>

3.3 Pertenza e participación nos órganos de representación

Os Estatutos da UDC establecen varias vías de participación do PAS nos seus órganos colexiados e estatutarios como o Consello Social, o Claustro, o Consello de Goberno, as xuntas de facultade ou escola, os consellos de departamento e consellos de instituto universitario etc.

Poderás informarte debidamente nesta ligazón:

<https://www.udc.gal/gl/goberno/>

As eleccións aos órganos colexiados teñen como referencia o Regulamento electoral xeral que se pode consultar nesta ligazón:

https://www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/documentos/elecciones/index.html

A Xunta de PAS e Comité de Empresa

O Comité de Empresa é o órgano de representación legal do persoal laboral de administración e servizos. As súas funcións e a forma de elección son as que establecen as disposicións legais vixentes en materia laboral e os Estatutos da UDC.

A Xunta de Persoal do persoal de administración e servizos é o órgano de representación legal do persoal funcionario de administración e servizos. As súas funcións e o modo de elección son as que establecen as disposicións legais vixentes que fosen de aplicación e os Estatutos da UDC.

https://www.udc.es/es/pas/organos_representacion/

Programa de intercambio de aloxamentos universitarios

<https://www.udc.gal/es/pas/convocatorias/programa-intercambio-aloxamentos-universitarios>

4. PROCEDIMENTOS

4.1 Comunicación e actuación

Para calquera cuestión, comunicación ou dúbidas que che xurdan, o contacto principal será a persoa responsable da unidade, centro ou servizo a que esteas adscrito/a.

Ante calquera dúbida de como proceder en cuestións relacionadas co persoal e os recursos humanos, ou de calquera outra índole recomendamos contactar coa Xerencia, co Servizo de PAS o cos responsables do teu centro.

4.2 Alta como usuario

No momento da toma de posesión, o Servizo de PAS proporcionarache as credenciais coas cales poderás acceder á intranet da UDC (<https://servizos.udc.es>) e ao correo electrónico (<https://outlook.office.com>)

No caso de incidencias co usuario persoal ou para cuestións informáticas poderás pórtelo en contacto co Centro de Atención ao Usuario (CAU) a través da extensión 2222 ou remitir un correo electrónico a cau.sic@udc.gal. Tamén se pode abrir unha incidencia en <https://axudatic.udc.gal/>.

4.3 Contratación con provedores

A contratación administrativa e a normativa económica está dispoñible, ademais dos servizos que dependen da Xerencia, na seguinte ligazón:

https://www.udc.gal/gl/normativa/xestion_economica/

https://www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/xerencia/servizos/

Plan de medidas antifraude

O 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde ministerial HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR). Esta orde recolle no seu artigo 6 a obriga de toda entidade que participe na execución das medidas do PRTR de reforzar os mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Derivado desta obriga, a Universidade da Coruña elaborou o seu [Plan de medidas antifraude](#), aprobado polo Consello de goberno o 25/01/2022, que evidencia o compromiso da entidade cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais no desenvolvemento das actuacións necesarias para acadar os obxectivos establecidos nas axudas financiadas polos fondos europeos Next Generation EU no marco do PRTR.

4.4 Horario, Calendario laboral, Rexistro horario e teletraballo

Horario e Calendario laboral

O calendario laboral e o horario de traballo están dispoñibles no seguinte enderezo:

<https://www.udc.gal/gl/normativa/pas/>

Rexistro horario

A implantación dun sistema de información, rexistro e flexibilidade horaria permitiralle á UDC acadar unha maior eficiencia dos servizos públicos. Tamén contribuirá a mellorar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

https://www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/xerencia/rexistro-horario/

Teletraballo

Para os efectos do disposto no Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Universidade da Coruña, enténdese o teletraballo como aquela modalidade de prestación de servizos a distancia en que o contido competencial e funcional do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias da UDC, mediante o uso das tecnoloxías da información e comunicación

https://www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/xerencia/teletraballo/

4.5 Permisos, vacacións, desprazamentos

O Portal do Persoal

Datos persoais, xestión de solicitudes de ausencia e de presenza, formación, convocatorias

<https://www.udc.gal/gl/pas/>

Nesta ligazón figura a Normativa principal do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos:

<https://www.udc.gal/gl/normativa/pas/>

No último apartado desa ligazón é onde poden consultarse os temas relacionados coa xornada, horario de traballo, vacacións, permisos e licenzas do PAS, xubilación e incapacidades temporais, entre outros, ademais da normativa pola que se regula o sistema de rexistro e flexibilidade horaria.

A Xerencia consolida periodicamente toda a normativa anterior nun texto en que, de forma sistemática e ordenada, figuran os distintos permisos e licenzas que ten o PAS da UDC, algúns únicos dentro do sistema universitario español. Nestoutras ligazóns figura ese texto consolidado da Resolución do 30 de xaneiro de 2019:

https://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/galeria_down/normativaPAS/ResolucionXornadaPermisos2019.pdf_2063069239.pdf


https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2022/012443

O Consello de Goberno da UDC aprobou o 27 de abril de 2023 o Regulamento para liquidar e para tramitar as indemnizacións por razón de servizo (IRS). O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, en activo, que preste servizos habitualmente na Universidade da Coruña figura no seu ámbito de aplicación:

<https://www.udc.gal/gl/novas/Regulamento-para-liquidar-e-para-tramitar-IRS/>

Nese regulamento figura tamén a normativa da UDC sobre as asistencia a órganos colexiados, tribunais, prazas etc.

A continuación, figura unha serie de servizos de interese para o persoal da Universidade da Coruña. A través das ligazóns relacionadas poderá consultar as persoas responsables e o seu contacto.



5.1 Información xeral

Contacto da Universidade da Coruña

- Enderezo postal: Universidade da Coruña. Rúa da Mestranza, 9. 15001 A Coruña
- Web: <http://www.udc.gal>
- Teléfono: +34 981 167 000 (A Coruña) e +34 981 337 400 (Ferrol)

Principais recursos e bases de datos

- Localización de centros: <https://www.udc.gal/sobreUDC/localizacion/>
- Directorio telefónico: <http://directorio.udc.es>
- Centros da UDC: https://www.udc.gal/centros_departamentos_servizos/centros/
- Identidade corporativa da UDC: <https://www.udc.gal/identidadecorporativa>

5.2 Principais servizos a disposición do persoal da UDC

Portal do persoal e servizos de intranet

No Portal de persoal poderase acceder a toda a información persoal do/a traballador/a, consultar nóminas, solicitudes electrónicas, portais habilitados etc.

<https://servizos.udc.es/intranet/resumo>

Creación de conta de acceso para novos usuarios:

<https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=43254039>

PAS - Instalación e mantemento: equipos e periféricos

<https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=25493533>

Portal do persoal (FAQ):

<https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=28409962>

Alta programas de xestión académica e económica (Xescampus/SIGMA de xestión académica):

<https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=32899128#expand-Solicitudes>

Xestión Económica UXXIEC/MUS:

<https://axudatic.udc.gal/display/SIC/UXXI-EC>

https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/xerencia/impresos/AltaBaixaUXXI.pdf_2063069294.pdf

Correo electrónico da UDC

Todo o persoal da UDC poderá ter acceso a unha conta de correo persoal da universidade.

<https://outlook.office.com>

Na seguinte ligazón atopará unha guía de configuración para o uso do correo noutro tipo de xestores ou dispositivos:

http://www.udc.gal/correo/guias_configuracion

UDC.gal

É a aplicación oficial da Universidade da Coruña, o canal de comunicación e información para a comunidade universitaria que permite obter información pública de gran interese e utilidade: oferta académica, catálogo de investigación, novas, redes sociais, ubicacións, axuda a un click e outras funcións que se irán incorporando pouco a pouco. Tamén permite obter información privada con todos os datos personalizados segundo o perfil universitario da persoa usuaria.

Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI)

A TUI é unha tarxeta intelixente que acredita o estudantado, profesorado e persoal de administración e servizos como membros da comunidade universitaria. Na ligazón proporcionada poderase informar de como e onde conseguila.

<https://www.udc.gal/tui>

Servizos de comunicación coa comunidade universitaria

A UDC conta con diversos medios para se comunicar cos membros da comunidade universitaria. Dependendo do contido e do colectivo a que se dirixa utilizarase un medio ou outro. A UDC é unha universidade que aposta polas novas tecnoloxías e, por iso, ofrece unha serie de medios dixitais para que os membros da comunidade universitaria estean sempre informados da actualidade:

Taboleiro Electrónico Oficial (TEO): o TEO está destinado a servir de medio oficial de publicación de actos, acordos, convocatorias, entre outros, substituíndo outros medios en papel.

https://sede.udc.gal/services/electronic_board

Listas de distribución: a UDC conta cunha serie de listas de correo ás cales o/a interesado/a poderá solicitar subscribirse e ás que chegará información relevante para o colectivo:

https://www.udc.gal/en/correo/listaxes_correo

Portal de noticias de actualidade da páxina web. Este portal contén información actualizada a diario sobre as actividades da UDC:

<https://udc.gal/gl/actualidade/>

<https://novas.udc.gal/>

Redes sociais: así mesmo, a través das redes sociais poderaste informar das novidades e interactuar con outros membros da comunidade e do contorno socioeconómico.



https://twitter.com/udc_gal

<https://facebook.com/udc.gal>

https://www.instagram.com/udc_gal

<https://www.youtube.com/channel/UC1QekatBPFx7RRLghT4bpDg>

<https://es.linkedin.com/school/universidade-da-coru%C3%B1a/>

Oficina para a Igualdade de Xénero

A Oficina para a Igualdade de Xénero achega o soporte técnico necesario para lograr os obxectivos de igualdade entre mulleres e homes. Pon a disposición da comunidade universitaria recursos para incorporar a perspectiva de xénero e consellos de boas prácticas.

<https://www.udc.gal/oficinaigualdade>

Unidade de Atención á Diversidade (ADI)

A Unidade de Atención á Diversidade (ADI) creouse en febreiro de 2004 para atender persoas da comunidade universitaria de colectivos cunhas necesidades específicas que requiren dun maior acompañamento e atención. Aínda que no seu inicio se dirixiu especialmente ás persoas con discapacidade e NEAE, actualmente ademais creouse un servizo de atención á comunidade universitaria LGTBQ+.

A Unidade ADI diríxese ao conxunto de participantes nos estudos superiores: estudantado, profesorado e persoal de administración e servizos. O seu cometido principal é o de facilitar a plena inclusión e equidade de calquera membro dos colectivos sinalados que, por razóns físicas, sensoriais, de identidade de xénero, afectivo-sexuais, de expresión de xénero, psíquicas ou socioculturais, experimentan dificultades ou barreiras externas a un acceso equitativo, igualitario e participativo na vida universitaria.

<https://www.udc.gal/es/cufie/ADI>

Servizo de Informática e Comunicacóns (SIC)

O SIC proporciónalle á comunidade universitaria unha serie de servizos TIC (tecnoloxías da información e as comunicacións) para mellorar os procesos administrativos, docentes e investigadores da institución mediante AxudaTIC. Todo o persoal da UDC realiza, a través deste

servizo, a alta ou modificación dos seus datos do directorio telefónico da UDC (rede de datos, wifi e telefonía).

<http://www.udc.gal/sic>

Así mesmo, no SIC atópase o Centro de Atención ao Usuario (CAU), servizo que proporciona soporte e asistencia á comunidade universitaria ante incidencias cos equipos informáticos e as redes de comunicacións.

<https://axudatic.udc.gal/display/SIC/Horario>

Sede Electrónica

A Sede Electrónica é a oficina virtual de atención ao usuario en Internet. A Sede está dirixida aos membros da comunidade universitaria e á cidadanía que desexa interactuar a través de Internet coa UDC.

As xestións que se realicen electronicamente terán a mesma validez que se se realizasen de forma presencial. A través da Sede Electrónica accédese á información dos procedementos, pódense realizar trámites, presentar documentos no Rexistro Electrónico, formular queixas e expor suxestións, consultar o taboleiro de anuncios da UDC, verificar documentos electrónicos expedidos pola Universidade etc.

<https://sede.udc.gal/>

Servizo de Prevención de Riscos Laborais

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais canaliza as actuacións da universidade en materia de prevención de riscos laborais e de mellora continua das condicións de seguridade e saúde no traballo. Este servizo é o responsable de implementar a campaña de vixilancia da saúde anual, que incorpora recoñecemento médico para o persoal da UDC.

O persoal de novo ingreso na UDC debe contactar co servizo para dispor da seguinte información, tanto sanitaria como técnica:

- A realización do Recoñecemento Médico Inicial ao inicio da actividade laboral.
- A información preventiva do seu posto de traballo.
- A información sobre o proceder en caso de sufrir un accidente de traballo.

<http://www.udc.es/prl>

Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

A ORI é a oficina encargada de fomentar a participación dos membros da comunidade universitaria en actividades internacionais, tales como programas de intercambios estudantís, docentes e de cooperación ao desenvolvemento no marco de programas interuniversitarios, que lle proporcionan un servizo de calidade á comunidade universitaria, mediante o cal o estudantado, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos poden obter información, apoio e servizo para cumprir os seus propósitos académicos/profesionais no ámbito internacional.

<https://www.udc.gal/ori>

Área de Cultura

Na Área de Cultura poderás atopar información da oferta cultural da UDC, que comprende exposicións, obradoiros, ciclos, teatro, danza e actividades de extensión universitaria que queren dar resposta ás demandas culturais tanto das persoas que pertencen á comunidade universitaria como das que non son parte dela.

<https://www.udc.gal/cultura>

Área de Deportes

A Área de Deportes da UDC canaliza a organización de actividades e competicións deportivas no ámbito universitario. A través da Área de Deportes tamén se poderán reservar as instalacións deportivas destinadas aos membros da comunidade universitaria.

<https://www.udc.gal/deportes>

Servicio de Normalización Lingüística (SNL)

O SNL é o servizo encargado de proporcionar o apoio técnico ao proceso de ampliación de usos da lingua galega nos distintos ámbitos da vida universitaria e que se materializa, entre outros, en labores de corrección (ou, no seu defecto, tradución) de textos, formación lingüística, organización e coordinación de actividades de dinamización lingüística, publicación e difusión de recursos.

<https://www.udc.gal/snl>

Valedor/a universitario/a

O/A valedor/a universitario/a encárgase de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria.

As actuacións do/a valedor/a universitario/a están sempre dirixidas a mellorar o funcionamento da Universidade da Coruña como servizo público. Os membros da comunidade universitaria poderanlle enviar as súas queixas ou consultas sobre calquera situación xurdida no ámbito universitario.

<https://www.udc.es/transparencia/egobierno/gobierno/valedor>

Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)

A OCV é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na procura do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, ademais da cidadanía, na área de influencia da UDC.

<https://www.udc.gal/ocv>

Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A OMA é a oficina cuxa función é a de participar na coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental na UDC. O obxectivo principal é a xestión ambiental e a sensibilización e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente.

https://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente

5.3 Servizos específicos de interese para o PAS

Área do Persoal de Administración e Servizos

Nesta sección pode atopar unha serie de servizos de interese para o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos. Os máis significativos expóñense a continuación.

Servizo de Persoal de Administración e Servizos

O servizo de PAS ten entre as súas funcións principais xestionar o persoal de administración e servizos (tanto funcionario de carreira, interino como persoal laboral), elaborar e tramitar os procesos de selección de persoal e elaborar e tramitar os procesos de provisión de persoal.

<https://www.udc.gal/gl/pas/servizo/>

Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social

O Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social é o encargado da:

- Xestión das retribucións do persoal da Universidade da Coruña, nóminas e seguros sociais.
- Xestión e tramitación das prestacións de acción social correspondentes ao cadro de persoal.
- Confección das estatísticas de retribucións para o INE.

https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/xerencia/servizos/retribuciones_seguridade_social_e_accion_social/contacto/

Biblioteca Universitaria

A Biblioteca facilita o acceso e a difusión dos recursos de información, xestiona espazos, equipamentos e servizos, e colabora nos procesos de transformar a información en coñecemento.

Ofrece, entre outros servizos, apoio á investigación e á xestión como recursos de información: guías por categorías (de recursos electrónicos e de ferramentas de traballo), catálogos e

repositorios de documentos en acceso aberto; servizos de apoio: propiedade intelectual e dereitos de autor, como publicar, difusión das publicacións, publicación científica e a súa avaliación, como editar unha revista científica, sesións formativas etc.

<https://www.udc.gal/biblioteca>

Repositorio institucional (RUC)

RUC é o repositorio institucional da UDC, ofrece acceso aberto ao texto completo de documentos creados polos membros da UDC no seu labor de investigación e docencia. O seu obxectivo é dar maior visibilidade a estas publicacións e asegurar a súa preservación e accesibilidade.

<http://ruc.udc.es>

Servizo de Publicacións (SPU)

O SPU é o organismo editorial propio da UDC e, como tal, difunde a investigación xerada pola institución entre a comunidade científica, apoia o labor docente do profesorado, a discente do estudantado e transmite o coñecemento e a cultura na sociedade en xeral. Para levar adiante estes labores, o SPU ocúpase tanto das tarefas de produción editorial como da promoción e da comercialización de libros e revistas, así como da xestión dos intercambios con outras universidades e institucións.

<https://www.udc.gal/publicacions>

Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

A OTRI é un organismo de unión entre a universidade e a empresa, cuxo principal obxectivo é favorecer as relacións entre os dous sectores ao promover a transferencia da oferta científico-técnica universitaria ao sector produtivo.

<https://otri.udc.gal/>

A OTRI promove o Programa de apoio á ciencia excelente (Programa Berce), que pretende dar apoio técnico ás solicitudes de financiamento de proxectos individuais de ciencia excelente.

<https://otri.udc.gal/cienciaexcelente/>

Así mesmo, dentro da OTRI atópase a Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D, que lle presta apoio ao persoal vinculado á UDC no desenvolvemento e a xestión de proxectos europeos de I+D.

<https://otri.udc.gal/unidade-de-apoio-a-europa/>

Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)

O CUFIE creouse co fin de promover a formación dentro da UDC, así como atender o desenvolvemento de iniciativas que promovan a innovación dentro do sistema educativo. As súas funcións son, entre outras, a formación do profesorado, o asesoramento e a orientación

educativa a profesores, centros, institucións e persoas e o apoio á innovación educativa nas súas diversas facetas.

<http://www.udc.es/cufie>

Campus Virtual - Moodle

Moodle é unha ferramenta de xestión da aprendizaxe. Está concibida para axudar os docentes da UDC a crearen comunidades de aprendizaxe en liña, educación a distancia, clase invertida e diversos proxectos en formato *e-learning*.

<https://moodle.udc.es>

5.4 Outra información de interese

Transporte urbano

Entre as diversas opcións para se trasladar aos campus da universidade e son as opcións do bus urbano e interurbano as que contan con maiores liñas e frecuencias. Nas seguintes ligazóns poderá atopar as liñas, horarios e prezos do bus urbano da Coruña e Ferrol:

- Traslado ao campus da Coruña: <https://tranviascoruna.com/>
- Traslado ao campus de Ferrol: <https://www.alsaferrol.es/>

Existe unha extensa oferta de liñas para o desprazamento desde outras comarcas da provincia. As principais compañías que operan cos campus son as seguintes:

Arriva: <https://arriva.es/es/galicia>

Autos Cal Pita: <https://www.alsacalpita.es/>

Acción social e conciliación familiar

Na UDC lévanse a cabo programas de axuda á conciliación familiar, é por iso que conta cunha serie de actividades e servizos, como son unha escola infantil para crianzas de ata os 3 anos de idade e campamentos de verán para idades máis avanzadas. Ao longo do ano, a UDC publica na páxina web corporativa distintas convocatorias relacionadas con estes programas a que poderán acceder os fillos do persoal da Universidade.

https://www.udc.gal/gl/sobreUDC/localizacion/corunha/elvinha/escola_infantil/

Teléfono: 981 132 977

6.1 A Coruña

A Coruña pertence á Comunidade Autónoma de Galicia e é a capital da provincia homónima. É un importante porto histórico situado na costa noroeste da península Ibérica, nas Rías Altas. O centro da cidade esténdese sobre unha península unida a terra firme por un estreito istmo, polo que presenta dúas fachadas marítimas distintas: a portuaria e outra de mar aberto.



O municipio da Coruña ten unha poboación de 244 810 habitantes e constitúe o segundo núcleo urbano máis poboado de Galicia. A súa densidade de poboación é a maior de Galicia e das máis altas de España (6471,32 hab/km²).

O seu clima é de tipo oceánico na súa variedade meridional, con temperaturas suaves todo o ano. Ao se tratar dunha localidade costeira ten un clima marítimo que impide que exista unha gran diferenza de temperatura entre as distintas estacións do ano. Os invernos son suaves e os veráns tépedos.

A Coruña é unha cidade turística que conta con varios patrimonios históricos, o máis importante é a Torre de Hércules. Ten o privilexio de ser o único faro romano e o máis antigo en funcionamento do mundo. O 27/06/2009 foi declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Tamén conta co castelo de Santo Antón, que se atopa na zona portuaria, cuxo propósito era defender a cidade dos ataques desde o mar. Foi construído en 1587 e a partir do século XVIII a fortaleza converteuse en prisión. Hoxe en día alberga un museo arqueolóxico.


A Coruña conta cunha ampla gama de museos, por exemplo: a Casa do Home (Domus), a Casa das Ciencias, o Aquarium Finisterrae, o Museo de Belas Artes, o Museo Arqueolóxico, o Museo Militar, a Casa Museo María Pita (a vida da heroína coruñesa), a Casa Museo Picasso ou o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía de España.

As dúas praias principais da Coruña (Orzán e Riazor) están situadas en pleno corazón da cidade e están bordeadas polo paseo marítimo, que foi ata o ano 2014 o paseo marítimo máis longo de Europa con case 14 km de percorrido ao redor da cidade.

Esta localización convérteas nun grande atractivo para os turistas e son, ademais, punto de encontro dos surfeiros boa parte do ano. Ademais, a cidade dispón doutros areais como a praia do Matadoiro, a praia das Lapas, a praia de Santo Amaro ou a praia de Oza. Todas estas contan con bandeira azul.

6.2 Ferrol

Ferrol é unha cidade situada ao noroeste de España, a 52 km da capital da súa provincia, A Coruña. Pertence á Comunidade Autónoma de Galicia, en que, tanto o español como o galego son linguas oficiais. Conta cunha cultura, gastronomía, xeografía e un clima propios e únicos.



O municipio ofrece moitos contrastes: trazados medievais con rúas estreitas e casas con galerías de cristal, imponentes construcións militares e navais, praias abertas ao océano e castelos fortificados que dominan a ría. A cidade desenvólvese paralela ao mar, ao longo do lado norte da ría en que desemboca o río Xuvia, situada na parte setentrional dunha ampla enseada, fronte ao océano Atlántico, protexida dos ventos e os temporais e ten un clima oceánico con temperaturas suaves todo o ano e precipitacións frecuentes.

É unha cidade tradicionalmente orientada cara ás actividades marítimas, mediante o seu porto pesqueiro e comercial, os seus estaleiros civís e militares, as súas instalacións da Armada e as súas praias turísticas. Ferrol cidade é a quinta máis grande de Galicia con 70 000 habitantes e unha área metropolitana de 200 000 hab. Parece que o nome da cidade provén dun santo bretón chamado San Ferreol que chegaría en barco a estas terras cun coro de sete sereas, ou da asociación de dous vocábulos medievais que poden significar «porto próximo» ou «embarcadoiro sobre pilastras». Ferrol foi un gran centro de construción naval a maior parte da súa historia e a capital do departamento marítimo do norte da Armada española.

6.3 Información turística, lecer e cultura

Nas seguintes ligazóns atopará unha gran cantidade de información das comarcas da Coruña e Ferrol relevantes para a súa estancia na rexión:

	A Coruña	Ferrol
Concello: información sobre trámites e xestións, servizos municipais e moito máis	https://www.coruna.gal	http://www.ferrol.gal
Turismo: oferta de lecer, situación das zonas comerciais, horarios de	http://www.turismocoruna.com	http://turferrol.com

transporte público e moito máis		
Servizo municipal de educación: oferta de colexios, escolas infantís e de apoio á educación en xeral	http://edu.coruna.gal	https://ferrol.gal/educacion/
Servicio Galego de Saúde: cita de atención primaria, asistencia telefónica e máis	https://www.sergas.gal	https://www.sergas.gal
Medio ambiente: información das políticas de sustentabilidade	https://www.coruna.gal/medioambiente	http://www.ferrol.es/medioambiente
Axenda cultural: toda a información da oferta cultural	https://www.coruna.gal/cultura	http://www.ferrol.es/jofre

Erasmus Survival Guide

A pesar de que as seguintes guías están orientadas a estudantes de Erasmus, destacamos o labor de recompilación de información das comarcas da Coruña e Ferrol realizada por Erasmus Student Network. É por iso que recomendamos botar unha ollada a estes documentos, onde atoparás información moi útil para a túa estada na nosa contorna.

- A Coruña: <http://www.esncoruna.org/>
- Ferrol: <http://www.esncoruna.org/>

6.4 Principais teléfonos de interese

Esperamos que non teñas que usar a maioría destes contactos telefónicos, pero recomendamos telos á man en caso de emerxencia:

Atención cidadá	010	Emerxencias Galicia	112
Bombeiros	080	Protección Civil	981 220 102
Urxencias sanitarias	061	Violencia de xénero	016
Policía local	092	Salvamento Marítimo	981 209 541
Policía nacional	091	Incendios forestais	085
Garda Civil de Tráfico	062	Cruz Vermella	981 221 000
Concello da Coruña	981 184 200	Taxi A Coruña	981 243 333 981 287 777
Concello de Ferrol	981 944 000	Taxi Ferrol	981 355 555 628 624 167



*Universidade da Coruña, unha
universidade para todos e todas*



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA